

ENTROIDO 2020 – CARRAL

23 de febreiro

O Concello de Carral celebrará o Entroido cunha festa no Campo da Feira o **domingo 23 de febreiro**. Ás 15:00 h. comezará a festa infantil, con xogos, música e concurso de disfraces. Ás 18:00 h. comezará o desfile de comparsas rematando no Campo da Feira cos concursos de disfraces e de comparsas, poñendo un fin de festa coa actuación de Los Claretos.

Os concursos rexeranse polas seguintes bases:

CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES

- Dirixido a nenos e nenas de 0 a 12 anos de idade.
- Haberá unha categoría única (disfraces individual e grupos).
- Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestiario e maquillaxe.
- Premiaranse os cinco mellores disfraces con premios consistentes en agasallos.
- Os participantes deberán acceder ao escenario cando sexan chamados na fase de concurso. No caso de facer unha actuación, non poderá durar máis de 2 minutos.
- As inscricións faranse durante a festa infantil na carpa do Campo da Feira ata 15 minutos antes de comezar o concurso (ata as 16:45 h.).
- Para as inscricións deberánse aportar os seguintes datos: nome e apelidos de quen participa, nome do disfraz, data de nacemento, e datos do pai, nai ou titor (nome, apelidos, DNI e teléfono).
- O Concello de Carral resérvase a potestade de fotografar ou gravar aos participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión do evento.

CONCURSO DE DISFRACES

- Dirixido a maiores de 13 anos de idade.
- Haberá unha categoría única (disfraces individual e grupos ata 4 membros).
- Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestiario e maquillaxe.
- Os participantes deberán desfilar xunto ás comparsas e acceder ao escenario cando sexan chamados na fase de concurso.
- Premiaranse os tres mellores disfraces cos seguintes premios:
 - o 1º premio: 150 €
 - o 2º premio: 100 €
 - o 3º premio: 50 €
- As inscricións faranse na carpa do Campo da Feira ata 15 minutos antes de comezar o desfile de comparsas (ata as 17:45 h.).
- Para as inscricións deberánse aportar os seguintes datos: nome, apelidos e DNI de quen participa, nome do disfraz, data de nacemento e teléfono. No caso de grupos, inscribírase cos datos dun dos seus participantes.
- O Concello de Carral resérvase a potestade de fotografar ou gravar aos participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión do evento.

CONCURSO DE COMPARSAS

- Dirixido a grupos de calquera idade formados por un mínimo de 8 persoas
- Haberá unha categoría única.
- Premiarase a orixinalidade, simpatía, posta en escena, vestiario e maquillaxe.
- As comparsas deberán participar no desfile. Na carpa accederán ao escenario un máximo de 4 compoñentes. No caso de que desexen interpretar unha canción ou unha coreografía, realizarase a pé de escenario, cunha duración máxima de 4 minutos. Se o fai con música, deberá achegala á organización nun cd ou pen drive no momento da inscrición.
- Premiaranse as tres mellores comparsas cos seguintes premios:
 - o 1º premio: 750 €
 - o 2º premio: 500 €
 - o 3º premio: 250 €
- As inscricións faranse na Casa da Cultura antes das 12:00 h. do venres 21 de febreiro.
- Para as inscricións deberánse aportar os seguintes datos: nome da comparsa, nome, apelidos, DNI e teléfono de quen a representa e teléfono doutro membro da comparsa. No caso de contar con carroza, deberá indicar as características básicas: medidas, se está motorizada, se é un remolque arrastrado por vehículo a motor...
- O representante da comparsa debe ser maior de idade e non é obrigatorio que desfila coa mesma.
- O Concello de Carral resérvase a potestade de fotografar ou gravar aos participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión do evento.

O Concello de Carral irá informando a través da súa web e da páxina de Facebook de Cultura Carral, das novidades no programa do Entroido, así como de calquera incidencia ou novidade de interese.